

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Federación Autismo Galicia

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Federación Autismo Galicia (AUTISMO GALICIA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2027-2028, isto é o día 31 de agosto de 2028, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Federación Autismo Galicia (AUTISMO GALICIA) nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con Trastorno do Espectro Autista (TEA) ou calquera outra síndrome ou trastorno relacionado co TEA.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que a Federación AUTISMO GALICIA é unha asociación sen ánimo de lucro, coa misión de mellorar a calidade de vida das persoas con Trastorno do Espectro Autista e das súas familias, compartindo dita misión, dentro da Federación AUTISMO GALICIA, coas respectiva entidades que a conforman, que ten entre os seus principais fins os seguintes:



- a) Servir como nexo de unión entre as distintas entidades socias.
- b) Impulsar, potenciar e representar os obxectivos e as actividades das entidades socias.
- c) Apoiar a creación e consolidación de entidades promotoras e defensoras dos dereitos das persoas con trastorno do espectro do autismo naqueles lugares onde estas no existan ou teñan escaso nivel de desenvolvemento.
- d) Apoiar as persoas con trastorno do espectro do autismo e as súas familias promovendo a reivindicación e o exercicio efectivo dos seus dereitos, co fin de favorecer a súa calidade de vida e acadara a igualdade de oportunidades.
- e) Promover a sensibilización e a concienciación social sobre a realidade e necesidades do colectivo e sobre a súas capacidades e o seu talento, xerando unha imaxe social real e positiva que contribúa á participación social en igualdade de oportunidades e a mellora da calidade de vida das persoas con trastorno do espectro do autismo e as súas familias.
- f) Promover a investigación, a transferencia de coñecemento especializado sobre o trastorno do espectro do autismo, e a práctica baseada na evidencia, considerando a mellor evidencia científica dispoñible, o coñecemento profesional experto e os intereses das persoas con trastorno do espectro do autismo e as súas familias.
- g) Promover y desenvolver iniciativas encamiñadas a favorecer a axeitada resposta as necesidades das persoas con trastorno do espectro do autismo nas diferentes áreas e etapas do seu ciclo vital.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa e no desenvolvemento de accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo, manifestando





que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

